

**IES MARÍA CASARES. Departamento de Física e Química**

MATERIA	Física e Química		
CURSO	I° BACH	HORAS SEMANAIS	4

2024-2025

**BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA**

A Física e Química de 1º de Bacharelato supón unha continuidade nos contidos impartidos nas materias da Educación Secundaria Obrigatoria do mesmo nome e, ao mesmo tempo, aborda a presentación destas dúas disciplinas, a Física e a Química, dun xeito máis rigoroso. Forma parte indispensable do bacharelato científico e supón unha preparación para cursar a materias de Física e/ou de Química en 2º de Bacharelato, con carácter preuniversitario.

**CONTIDOS**

- A actividade científica.

**QUÍMICA**

- Modelos atómicos. Sistema periódico
- Formulación e nomenclatura inorgánica.
- Leis fundamentais da química.
- Estequiometría.
- Leis coligativas das disolucións.
- Formulación e nomenclatura de compostos orgánicos.
- Reaccións químicas.

**FÍSICA**

- Variables cinemáticas e magnitudes vectoriais.
- Movemento rectilíneo uniforme (MRU), uniformemente acelerado (MRUA) e caída libre. Movementos compostos.
- Movemento circular uniforme (MCU) e uniformemente acelerado (MCUA).
- Momento dunha forza. Par de forzas..
- Segunda lei de Newton. Momento lineal e impulso mecánico. Conservación do momento lineal.
- Traballo e potencia.
- Enerxías. Teorema de conservación da enerxía mecánica.
- Introducción á termodinámica.

**METODOLOXÍA**

A metodoloxía baséase no ensino directo na aula, en interacción continua co alumnado, e na realización de actividades de diferente natureza que axuden a fixar unha aprendizaxe significativa. Na medida do posible, e dado o eminente carácter práctico da materia, levarase ao alumnado ao laboratorio para desenvolver diferentes experiencias relacionadas cos contidos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXES
Probas escritas e/ou orais	90 %
Outros instrumentos de avaliación	10 %
TOTAL AVALIACIÓN	100 %

**NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA** Media aritmética das medias ponderadas da parte de química e de física.

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** Na avaliación extraordinaria só se terá en conta a nota do exame, que deberá ser 5 ou superior a 5

**VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES**

Esta materia é imprescindible para poder cursar en 2º de Bacharelato as materias de Física e de Química, que ponderan para carreiras tanto tecnolóxicas como científicas e sanitarias. Se non se cursa en 1º de Bacharelato e se quere coller a Física ou a Química en 2º de Bacharelato, o alumno ou alumna deberá facer ao inicio do curso de 2º de Bacharelato unha proba de nivel para non ter que levala pendente durante o curso.